

## **BASES DO CONCURSO “UNHA MULLER, UN TRABALLO IGUALITARIO”**

### **PRIMEIRA: ORGANIZACIÓN**

O Concello de San Cibrao das Viñas organiza o **I Concurso Unha muller, un traballo igualitario**, coa finalidade de conmemorar o Día Internacional da Muller que se celebra o día 8 de marzo, así como apoiar a educación en igualdade, estimular a imaxinación dos/as máis pequenos/as e invitar á reflexión da poboación en xeral, ó mesmo tempo que se lle dea visibilidade e se normalice a figura da muller en calquera ámbito de traballo.

### **SEGUNDA: PARTICIPANTES**

Poderán presentarse ó concurso todos os nenos/as empadroados/as no Concello coa idade comprendida entre os 3 e 18 anos e queiran que a súa proposta forme parte da conmemoración do Día Internacional da Muller que se presenta dende o Concello de San Cibrao das Viñas.

### **TERCEIRA: TEMÁTICA**

O tema do “I concurso Unha muller, un traballo igualitario”, será a expresión por medio dun debuxo ou vídeo da loita da muller polos seus dereitos, pola súa participación, en igualdade co home, na sociedade e no seu desenvolvemento íntegro como persoa.

### **CUARTA: MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN**

As modalidades nas que se pode participar no concurso son:

#### Modalidade 1º: Debuxo.

- Categoría 1ª (Educación Infantil, Primaria e Educación Especial)
- Categoría 2º: Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e/ou Formación Profesional de Grao Medio)

#### Modalidade 2º: Vídeo curto para redes sociais

- Categoría: Única

---

**Concello de San Cibrao das Viñas**

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101



## QUINTA: COMO PARTICIPAR

### - . DEBUXO

Realizaranse a cor ou en branco e negro e en tamaño DIN-A4 ou DIN-A3.

Pódense usar todo tipo de técnicas de forma separada ou mesturada (rotulador, pintura, acuarelas, lapis de cores...).

A participación será de carácter individual e só se admitirá un debuxo por participante.

Os debuxos serán presentados nas oficinas municipais en horario de 8:30 - 14:00 horas ou ben por correo postal xunto coa folia de inscrición debidamente cumprimentada.

### - . VIDEO

- Os vídeos poderán ser editados por persoal do Concello para mellorar a súa calidade.
- Duración mínima de 2 minutos e máxima de 5 minutos
- Poderán ser presentados en formato AVI, MPEG-2, MOV, MP4.

Os participantes na modalidade vídeo deberán enviar o vídeo e unha foto da folia de inscrición debidamente cumprimentada ó seguinte número de teléfono 608 275 776.

Os participantes poderán presentarse ás dúas modalidades.

Os debuxos e os vídeos presentados deben de ser orixinais, inéditos e de autoría propia da persoa que as presente.

A organización reservase o dereito a non admitir o debuxos e vídeos que, segundo o seu criterio, non cumpran coas condicións técnicas, artísticas e/ou legais esixidas polo concurso, ou que firan a sensibilidade das persoas, inciten a condutas violentas, discriminatorias ou contrarias ós usos sociais. Non se aceptarán debuxos ou vídeos que foran publicadas ou exhibidas anteriormente. O participante manifesta e garante que é o único titular de todos os dereitos de autor sobre o traballo que presenta ó concurso e responsabilízase totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas traballos presentados. A organización presupón que se teñen as autorizacións e o permisos das persoas que aparecen nos traballos presentados, recaendo sobre o autor toda a responsabilidade relacionada co dereito á intimidade.



Se se comproba que o debuxo ou o vídeo é un plaxio, en parte ou na súa totalidade, ou que fose realizado por outra persoa, o participante quedará eliminado e non poderá optar o premio.

## **SEXTA: IDENTIFICACIÓN E DATA DE ENVÍO**

É imprescindible enviar xunto co traballo presentado a folla de inscrición debidamente cumprimentada, en todos os seus apartados, polo pai/nai/ titor no que autoricen ó menor a participar no Concurso e aceptando as bases do mesmo.

A folla de inscrición poderá obterse na páxina web do Concello.

Os debuxos e vídeos teñen que ser orixinais e inéditos, non poderá presentarse a outros concursos.

Se os traballos resultan premiados non poderán presentarse a outros certames.

O prazo de admisión finaliza o venres 01 de marzo de 2024 ás 23:59

## **SEXTA: FALLO DO XURADO**

As cualificacións dos traballos serán determinadas polo Xurado do concurso, que estará formado por:

Presidente: - Alcaldesa do Concello ou persoa que a substitúa

Vogais: - Concelleira da Área de Cultura e da Área de Muller do Concello de San Cibrao das Viñas, dous membros da comisión organizadora do Concurso e unha persoa designada entre as Asociacións de Mulleres rurais do Concello.

Secretario: Actuará como secretario un dos membros da comisión organizadora.

O xurado queda facultado para resolver as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.



Cada membro do Xurado valorará os seguintes criterios:

MODALIDADE DEBUXO:

CALIDADE TÉCNICA	25 Puntos	25 %
ORIXINALIDADE	25 Puntos	25 %
CREATIVIDADE	25 Puntos	25 %
CAPACIDADE DE EXPRESIÓN	25 Puntos	25 %
TOTAL	100 Puntos	100%

MODALIDADE VÍDEO:

CALIDADE TÉCNICA	20 Puntos	20 %
CALIDADE ARTÍSTICA	20 Puntos	20 %
ORIXINALIDADE	20 Puntos	20 %
CREATIVIDADE	20 Puntos	20 %
CAPACIDADE DE EXPRESIÓN	20 Puntos	20 %
TOTAL	100 Puntos	100%

No suposto de empate, procederase a unha segunda puntuación.

O xurado levantará Acta na que recolla as puntuacións asignadas a cada categoría na que figurarán os datos que identifican ós beneficiarios.

Os premios poderán ser declarados desertos polo Xurado do concurso.

A selección dos gañadores será a discreción absoluta do xurado e o seu fallo será definitivo e inapelable. A participación no concurso implica a aceptación de todas e cada unha das bases do mesmo. A organización queda facultada para resolver calquera continxencia non prevista nas bases e reservase o dereito de modificar algún dos anteriores puntos por causas de forza maior.

O participante, polo mero feito de participar, acepta integramente as presentes bases.

Calquera circunstancia non recollida nas bases será resolta pola organización

O fallo do xurado farase público no acto que celebrará o Concello o día 08 de marzo de 2024 para conmemorar dito día.



## SÉTIMA: PREMIOS

Concederanse os seguintes premios, con cargo á partida orzamentaria 338-480 do orzamento do ano 2024, por un importe máximo de 1.500,00 euros

Concederanse os seguintes premios:

### Modalidade 1º: Debuxo.

- Categoría 1ª -

1º Premio - Tablet

2º Premio - Lote de pinturas

- Categoría 2º:

1º Premio - Tablet

2º Premio - Lote de Pinturas

### Modalidade 2º: Vídeo curto para redes sociais

- Categoría: Única

1º Premio - Tablet

2º Premio - Auriculares sen fíos.

San Cibrao das Viñas, á data da sinatura electrónica  
A Alcaldesa,  
Marta Nóvoa Iglesias

